
Revista semestral de teatro escolar

nº4, setembro 2025



Auto do Alugado ou O encanto de Raboces*

(2001)

* Obra teatral escrita por Manuel María para o grupo de teatro Coto do Faro, de Nois (Foz) no ano 2001.

TEMPO PRIMEIRO

Varios Alugados, que volven das segas de Castela, camiñan dende Mondoñedo ao Valadouro. A súa vestimenta –un entendido diría o seu «vestiario»– é pobre. Cobren a testa con sombreiros vellos –mesmo de palla– ou boinas. Ao lombo levan un fardelo ou unha tea atada con cordas formando un envurullo do que sobresae a fouciña ou fouciño que empregan no seu traballo. Estes vultos lévanos mangados nun pau ou nun caxato que apoian nun ombreiro.

Ao lonxe escóitase esta cantiga:

*San Lourenzo xa pasou,
Santa María vén vindo.
Vámonos indo, galegos!
Galegos, vámonos indo!*

ALUGADO PRIMEIRO. Nós xa nos viñemos.

ALUGADO SEGUNDO. Xa estamos aquí.

ALUGADO TERCEIRO. En toda Castela haberá tres fontes e unha árbore de mostra.

ALUGADO PRIMEIRO. Contas de máis.

ALUGADO SEGUNDO. O mesmo dá!

ALUGADO TERCEIRO. Cómpre ser serio e responsábel. As estatísticas son as estatísticas.

ALUGADO PRIMEIRO. Prosmeiradas!

ALUGADO TERCEIRO. Gosto de ser «parcial» e ecuánime en todas as miñas cousas. Nunca faltei á verdade nin ofendín ninguén.

ALUGADO PRIMEIRO. Esquecede...

ALUGADO SEGUNDO. Aquelas sedes e calorísimos xa pasaron.

ALUGADO TERCEIRO. Hai traballos que un home sofre coa cabeza ben alta. Mais nunca se esquecen. As calamidades e sufrimentos son inútiles. Cando padecemos nós, non somos nós.

ALUGADO PRIMEIRO. Cómpre ter conformidade.

ALUGADO SEGUNDO. Neses lerios nin entro nin saio. Hai xente estudada que os entenden mellor ca nós.

ALUGADO TERCEIRO. Non estou conforme. Cada un de nós sabe onde lle manca o zapato. O seu zapato. Deixemos iso. O máis importante para nós é que xa estamos de volta sen novidade. Outros aínda quedaron por aló.

ALUGADO PRIMEIRO. *(Cantando ou recitando.)*

–*Castellanos de Castilla,
onde queda meu irmao?*

–*Queda na Serra Morena
cunha fouciña na mao.*

ALUGADO SEGUNDO. En fin... Xa pasamos Adelán...

ALUGADO TERCEIRO. Agora cada un pillá o camiño da súa casa.

ALUGADO PRIMEIRO. O importante é que cheguemos con ben e que atopemos a familia sen novidade.

ALUGADO SEGUNDO. Para o ano volveremos, non é...?

ALUGADO TERCEIRO. Calquera sabe...! Ao peor...

TEMPO II

Fonte de Raboces, entre Nois e Cangas de Foz. Séntese o gurgullar da auga: unha canción maina e solermiña chea de alegría e optimismo. O cantigar da auga expresa o asombro que lle causa o saír da escuridade da terra cara ao sol, ao ar, ao ceo e ao luar.

Óuvese o salmear do piñeiral, como diría Noriega Varela, e, moi distante, o zunido do mar.

O Alugado Primeiro está sentado ao pé da fonte. Agarima a súa equipaxe, pasa a man pola fronte, respira a pulmón cheo.

É pola tarde, aínda luminosa, mais que xa comeza a chamar o solpor.

ALUGADO PRIMEIRO. Isto é vida. Ten moita razón aquela cantiga que cantaba meu pai:

No camiño de Castela
moito pican as areas.
Picarán a meu irmao
que anda por terras alleas!

(Faise un silencio.

Escóitase unha voz doce, musical, máxica, fermosísima, como a melodía da brisa mareira agarimando as mestas e vizosas follas do arboredo que vixía e ampara a fonte.)

A VOZ. *(Lentamente.)* Alugado...! Alugado...!

(O Alugado Primeiro sobresáltase, olla ao seu redor con medo e cautela e queda uns intres sen saber que facer nin que dicir.)

ALUGADO PRIMEIRO. *(Falando contra si.)* Será por min? Quen me chamará? Non será un delirio...?

A VOZ. Alugado...! Alugaaadooooo...!

ALUGADO PRIMEIRO. *(Moi inseguro.)* Son eu! Quen me chama...? Que me queredes...?

(De detrás dunha árbore sae unha fermosísima Doncela. Usa un vestido branco como o que levan as princesas para a cerimonia do seu casamento.

O Alugado Primeiro queda apampadiño de todo.)

DONCELA. Non me teñas medo. Son a pastora deste arboredo e desta fonte de Raboces. Chámome Ribela. Cal é o teu nome?

ALUGADO PRIMEIRO. Chámome Alugado.

DONCELA. Xa o sei. E que máis?

ALUGADO PRIMEIRO. Máis nada. Ben me chega.

DONCELA. De onde vés?

ALUGADO PRIMEIRO. Das segas de Castela.

DONCELA. Estarás solteiro...?

ALUGADO PRIMEIRO. Non. Son casado e con fillos.

DONCELA. Levaraslle un fermoso agasallo á túa muller?

ALUGADO PRIMEIRO. Non.

DONCELA. Como é iso? Non a queres?

ALUGADO PRIMEIRO. Quéroa máis que a ninguén neste mundo.

DONCELA. Entón...?

ALUGADO PRIMEIRO. Son pobre. O máis necesitado do lugar. Todo o diñeiro que gañei en Castela non sei se me chegará para manter os meus fillos todo o ano. As bocas que teño na miña casa son moitas, as ganas de comer, grandes e o ano é moi longo. **

DONCELA. Semellas bon home, honrado e traballador. E vou premiar as túas virtudes.

(A Doncela dálle ao Alugado Primeiro unha peza de tea que pode levar nunha bolsa.)

DONCELA. Toma esta tea de seda que ten máis de un metro de ancho e agasalla con ela á túa muller. Ti mesmo lla cinxirás. Dálle para moitos e moi fermosos vestidos.

ALUGADO PRIMEIRO. Que alegre se vai poñer! Isto é un sonho! Como che agradecerei tanto ben?

DONCELA. Cala. Garda a tea. Non te esquezas do que che dixen. Sigue o teu camiño. Sorte!

(O Alugado Primeiro garda a tea no seu fardelo ou envurullo, mentres di:)

ALUGADO PRIMEIRO. Agradecido...! Agradecido...! Agradecido...!

(Cando remata de gardar a tea, a Doncela xa desaparecera.)

ALUGADO PRIMEIRO. *(Falando contra si.)* Que sorte tiven! Seme-lla cousa de encantamento! Que feliz, que leda se vai poñer a

** Este parlamento falta enteiramente nas dúas edicións desta peza. Repómolo da versión mecanoscrita do autor que nos facilitou Xosé Manuel Pérez Álvarez.

miña mulleriña! Que feliz...!

(Dá uns choutos e canta ou recita:)

Volvo moi feliz das segas,
deixádeme, pois, que cante:
en onde a fortuna está
só Deus é quen o sabe!

TEMPO III

Souto da Ribela. Entre lusco e fusco. O corvo da noite xa está intentando pousarse nas luces do solpor como nos ensinan os versos de Celso Emilio Ferreiro.

A Estrela do Luceiro comeza a brillar nidia e escintilante, no azul esvaído do ceo.

O Alugado Primeiro chega ao Souto con paso canso.

VOZ DO CARBALLO. Ben chegado, Alugado!

VOZ DA ABIDUEIRA. Alégrome de verte de novo!

VOZ DO CASTIÑEIRO. Dáme unha aperta, Alugado amigo!

(O Alugado Primeiro abraza, cheo de emoción, o Castiñeiro.)

ALUGADO PRIMEIRO. Árbores de meu, canto vos lembrei!

AS VOCES DAS TRES ÁRBORES. Conta, conta!

ALUGADO PRIMEIRO. As segas en Castela son duras. Un traballo que pon a proba a resistencia humana. E logo aquela terra inhóspita, agresiva. Como dixo a nosa Rosalia de Castro, a inmensa voz iluminada que falou por todos os galegos: «tristes campos sin rego», «... seco polvo que nunca mollan as bágoas do ceo». É ben sabido que Castela non ten:

Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento.
Llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto...

Mais a necesidade, xa se sabe...

VOZ DO CARBALLO. Si, son os homes...

VOZ DA ABIDUEIRA. A vida é dura.

VOZ DO CASTIÑEIRO. Nun camiño ruín sempre hai unha legua boa.

ALUGADO PRIMEIRO. Así é.

VOZ DO CASTIÑEIRO. O que?

ALUGADO PRIMEIRO. A legua boa do meu camiño...

AS VOCES DAS TRES ÁRBORES. Conta, conta!

ALUGADO PRIMEIRO. A legua boa do meu camiño comezou na
Fonte de Raboces.

AS VOCES DAS TRES ÁRBORES. Ollaches o Encanto?

ALUGADO PRIMEIRO. Ollei.

AS VOCES DAS TRES ÁRBORES. E falouche?

ALUGADO PRIMEIRO. Falou. E de portarme deume un agasallo
para a miña muller.

AS VOCES DAS TRES ÁRBORES. Móstranos como é!

*(O Alugado Primeiro móstralles ás Tres Árbores a tea
que lle deu a Doncela.)*

ALUGADO PRIMEIRO. Cantos vestidos se poderán facer con esta
peza de tea? Vou botar contas! *(Diríxese ao Castiñeiro.)* Permites?

VOZ DO CASTIÑEIRO. Permito.

*(O Alugado Primeiro comeza a envolver coa tea o toro
do Castiñeiro. Ao darlle a derradeira volta á tea, o Cas-
tiñeiro desaparece supetamente.)*

*O Carballo, a Abidueira e o Alugado Primeiro cru-
zan entre eles unha ollada feita de sorpresa e medo súpe-
ta como un lóstrego.*

E foxen como alma que leva o demo.

Escóitase un trono grandísimo. Ou varios.)

Remata o auto.

